

DNA. ROMINA MARIA FERNANDEZ PENA, coordinadora de turismo do Concello de Sanxenxo, actuando como Secretaria do Consello de Administración da sociedade mercantil local TURISMO DE SANXENXO SL,

CERTIFICO

Que no Consello de Administración da mercantil Turismo de Sanxenxo S.L. celebrado o día 8 de xuño de 2022 ás 10:00h. por videoconferencia e no despacho de Alcaldía do Concello de Sanxenxo, adoptouse o seguinte acordo:

3º) ADXUDICACIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA DA VILA DE PORTONOVO DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2022. APROBACIÓN, SE PROCEDE.

Sometido este punto a votación, isto é, que **en base os informes xurídicos, técnicos e contando coa fiscalización favorable da Intervención Xeral do Concello, á vista da valoración de ofertas presentadas, se RESOLVE ADXUDICAR A ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA DA VILA DE PORTONOVO DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2022 á ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESANOS, AGA, APROBÁNDOSE O MESMO POR UNANIMIDADE dos presentes e representados. (VOTOS A FAVOR: Telmo Martín Gonzalez, Marcos Guisasaola Padín, María Deza Martínez, Paula Martínez Santos, Ainhoa Ferverza Celestino, Alfonso Martínez Cacheda e M^a del Rosario Afonso Martínez -representada-).**

Asemade facúltase á Presidencia para emitir, comunicar e publicar a Resolución de adxudicación en favor da Asociación Galega de Artesanos, AGA, así como para emitir, comunicar e publicar a Resolución de outorgamento da autorización administrativa, e que se dé traslado das mesmas ao Concello de Sanxenxo aos efectos legalmente oportunos. A autorización administrativa comprenderá en todo caso o dereito á ocupación do dominio público terrestre (no área delimitada no Anexo I das Bases do concurso e nas condición que se establecen na autorización outorgada polo Servizo



Provincial de Costas de Pontevedra a estos efectos o pasado 11 de abril de 2022) e a súa explotación para a organización, xestión e desenvolvemento nesta área da Feria de Artesanía de Portonovo na tempada de verán do ano 2022, nos termos e condicións que se derivan do establecido no Pliego de Bases publicado, autorización que se outorgará polo período indicado no propio pliego, isto é: dende o 15 de xullo de 2022 ata o 31 de agosto de 2022, coa posibilidade de que, de maneira excepcional, a data de finalización poida ser ampliada á solicitude da adxudicataria por un período non superior a 5 días hábiles en base a causas técnicas vencelladas ás labores de desmontaxe. Asemade o adxudicatario deberá aboar no marco desta autorización o importe do canon fixado polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra pola ocupación dos terreos de dominio público durante todo o período, isto é: 4.759,07 €.

E para que expida os efectos oportunos, asino dixitalmente na data certificada có Vº Bº do Sr. Alcalde-Presidente.

